



# Manipulad@s



# A foto que fala

No primeiro mes e medio de 2018 nos EUA morreron cada día, segundo o rexistro da organización Gun Violence Archive, 40 persoas [Foto: Cristobal Herrera/EPA]



## O trasno Control remoto

Daniel López Muñoz



Unha potente consultora, utilizando un hábil cuestionario “para uso académico”, controlou os hábitos, opinións e condutas de 50 millóns de usuarios de Facebook. E sospéitase que, a partir diso, “influíu” na elección de Trump e disque no referendo do Brexit. Vaia.

Vén de vello. Sandy Parakilas, experto de Facebook en 2012, di que a inxente cantidade de datos privados que deixaban en poder das empresas non se controlaba, nin tampouco o seu uso. E recordou que a xente “ou non le, ou non entende” as cláusulas de privacidade.

Non hai control sobre quen nos observa. É mentira que Facebook sexa coma un patio ou unha taberna, unha xuntanza de amigos. Non, non é exactamente un inocente espazo en rede de diversión e intercambio. O acerto increíble de Facebook foi que, ademais de ser unha rede social, soubo dar “no cravo”, alimentar unha paixón reprimida: a do exhibicionismo. Foi a rebelión dos “anónimos”, das que nunca tiñan espazo nos media, dos que se sentían amolados por unha vida “normal”. Hai xente que se abre en canal.

“Privacidade? Para que? De discreción estamos fartos! Queremos isto para expoñernos en público? Ben, quizais non tanto para expoñer o que somos, senón o que nos encantarían que os outros pensasen que somos.

Nada é gratis na internet. O invento de Mark Zuckerber, superrico entre os ricos, deixa escapar os nosos valiosos datos, gustos e amizades.

No xornalismo respóndese polo que se di. Claro que hai manipulacións, nesgo, parcialidade, pero hai que responder do que se di. Hoxe hai xente -moita- que só se informa do que pasa a través do disque disque de Facebook. Nese fantástico mundo pódese tragar con todo, circula toda clase de fake news, de novas falsas anónimas. Seica a novidade agora é que esas novas non son iguais para todos, non. En función de cada perfil, de cada sensibilidade, afección, os manipuladores poderían crear novas falsas “a medida” “a gusto ou a desgusto do consumidor”. Podería ser algo así: Que ti es de andar polo monte, pois diranche que tal partido quere poñer un imposto ao sendeirismo. Que es homosexual, pois deixaranche caer a homofobia de tal candidato. Con moito ruído e pouco fundamento.

**É a democratización da trola. E non son trolas inocentes. Son trolas “a medida”, que producen resultados electorais disparatados.**

Menos mal que queda *Irimia* para poñer algo de criterio (he,he, esta, se é trola, si que é inocente).

Funcionamos con ideas preconcebidas, con estereotipos. Isto é especialmente relevante na cousa política e, en definitiva, nos comportamentos electorais.

Se a esquerda, sexa a nova ou a vella, a confluyente ou a auténtica, a de aquí ou de acolá, quere gobernar, debe convencer o electorado de que determinadas “etiquetas” que lle apón o PP, os medios de comunicación subvencionados polo PP e os faladoiros máis diversos non son certos.

Unha parlamentaria de En Marea vese involucrada en horario nocturno nunha escena na que policía municipais dun concello gobernado por En Marea, Santiago de Compostela, alertados pola veciñanza, teñen que identificar un grupo de mozos e evitar que sigan rompendo coches aparcados.

## Con alegrías coma esta, a dereita non vai precisar moito máis para recuperarse

A parlamentaria, que disque forma parte da aventura, tira de carné de parlamentaria para interporse entre os identificados e a presunta agresividade dos municipais.

Os detalles poden variar, non son decisivos. No cadro básico coinciden practicamente todas as versións.

Con alegrías coma esta, un PP cercado pola corrupción non vai necesitar moito máis apoio para recuperarse. Con inimigos así, cómpren poucos amigos. Excelentes noticias, xa que logo, para os conservadores. Porque a desexada asociación de ideas queda servida en bandexa, “a sospeita” era certa, o “xa volo dicía eu”: “Esta xente son faranduleiros, só saben andar de esmorga, e practican un anticapitalismo gamberro consistente en defender os que rompen os retrovisores dos veciños que non teñen cartos para pagar garaxe”.

Non somos quen para valorar sobre dimisións ou ceses. O que é importante aquí é insistir en que o que necesita o país son alternativas sólidas compostas por xente capaz de asumir responsabilidades na vida, para poder despois asumir responsabilidades na xestión da cousa pública, do común. E que sexan quen de transmitir a confianza de que poden asumir esas responsabilidades. A asociación de ideas que se produce con este feito vai xusto en dirección contraria.

No fondo, é o de sempre. Hai que demostrar que é certo que se quere chegar a gobernar. Hai que demostrar que se ten esa vontade, que se vai en serio, e non que se está aí para instalarse, como forma de vida, nunha estrambótica, cómoda e perpetua oposición.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Lembro que na miña adolescencia houbo unha película que me marcou. Trátase da vida de Monseñor Romero. Toda unha historia de amor e entrega dun bispo ao seu pobo. Todo un exemplo de denuncia e compromiso cos máis pobres, coa verdade e coa xustiza. Para min, ver esa película supuxo un achegamento a unha realidade totalmente descoñecida ata ese momento para min. A da Igrexa do compromiso. De súpeto, os mártires pasaron de ser eses que morrían comidos por un león nas películas de romanos a xente contemporánea que tiña algo máis que moita fe en Deus.

Por iso alégrome moito de que este Papa subise o último chanzo para a súa canonización. Para boa parte do pobo de América xa era santo desde moitos anos antes da súa violenta morte. Porén, o xesto de canonizalo con todas as honras supón tamén dar validez a todos os niveis de Igrexa. Tamén para esa Igrexa na que moitas veces nos movemos, chea de complicidade co poder inxusto. Agora a ver se tamén se colle ese camiño para Ellacuría e todos os compañeiros da UCA. Porque, en palabras de San Óscar Romero de América, “Se me matan resucitarei no meu pobo”.



1



3



2



4



## A peneira

1

Hai 13 anos, faraos o 23, as mulleres pararon a 2ª guerra civil de **LIBERIA**, con máis de 200 000 mortos e dous terzos da poboación exiliados baixo o liderádego de Gbowee, Premio Nobel da Paz, na foto, que uneu a musulmáis e cristiás a prol da democracia, condenando o presidente por crimes de guerra.

2

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña celebra desde o 10 e ata o 14, "Día da **REPUBLICA**", o Republicano de Honra, Xosé Miñones; haberá tamén unha ofrenda floral no Memorial ás vítimas do franquismo, na Avda. de Navarra, obra de Valdi.

3

O 21, ás 12.00 h, xuntarémonos en Abellá para honrar os tres **MANUELES**: Manuel Ponte Pedreira, Manuel Díaz Pan e Manuel Rodríguez, "O Asturiano", vítimas do franquismo, para ir á pedra lembradoira en Fontao, onde os asasinaron, obra do canteiro Valdi, autor dos monumentos ás vítimas da represión.

4

O colectivo **QUE VOLTEM** solicita a solidariedade para poder visitar as presas independentistas, dispersas dun xeito ilegal polos cárceres do Estado español, coa XII Marcha ás cadeas, o 21 (Asociación de familiares e amig@s d@s pres@s independentistas galeg@s).

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 21, na II Marcha pola Memoria As **ENCROBAS**, percorreranse espazos lembrando loitadores coma Moncho Valcarce, de 10.00 a 23.30 h, desde Pontoxo-Cerceda, loitando contra opresións e desfeitas, en solidariedade cos colectivos antiminas. Para máis información, <http://www.monchovalcarce.org>

6

Agardando o canto do **CUCO**, escoitamos "Quixera ser dos paxaros", o álbum da banda Os d'a Abaixo, os investigadores de Fía na Roca e Berrogüeto. As aves sempre presentes; así, o Colectivo "O Moucho", do Barrio das Flores da Coruña, cando estamos no Ano da Curuxa.

7

O 25 celebramos cos irmáns de **PORTUGAL** a vitoria contra a ditadura, e valorando estes vencellos lemos as páxinas que Castelao lles dedicou a eles en *Sempre en Galiza*, quen dicía que cando ía máis alá da raia sentíase máis galego porque "A nosa lingua floresce en Portugal".

8

O 22, ás 12.00 h, as Comunidades de Montes en man común convócanos a unha manifestación en Compostela contra do Plan Forestal de Galicia, que quere expoliar do veciñal as parroquias, argüindo abandono ou intervíndoos por causas burocráticas e administrativas, privatizando o que é **PATRIMONIO** do común.

# Economía Hospital Álvaro Cunqueiro

Pedro Pedrouzo Devesa



En 2015 púxose en funcionamento o hospital Álvaro Cunqueiro, o primeiro, e único, hospital en Galicia que se construíu coa fórmula da concesión. Esta fórmula consiste en contratar unha empresa para que constrúa un hospital e explote a práctica totalidade dos servizos non sanitarios que se presten nel, desde o aparcamento e a cafetería ata a limpeza, ou mesmo o subministro enerxético. A Administración usa un hospital que non construíu, pero que pode usar. Nel desembarca con todo o seu persoal sanitario público, a cambio do pagamento do canon mensual ofertado pola empresa adxudicataria.

Se unha Administración quere construír un hospital, que vén custando uns catrocentos millóns de euros, pode financiarlo de tres formas diferentes. A primeira consiste en facelo con cargo ao orzamento anual, sen recorrer ao endebedamento, é dicir, cos ingresos ordinarios cos que conta en cada exercicio orzamentario. Ao tratarse dun edificio ao que se lle supón que prestará servizo durante uns corenta anos, incórrase na chamada inxustiza xeracional, que consiste en restar servizos públicos á xeración actual a cambio de darllos á xeración futura. O enorme esforzo que

asume unha Administración que ten que pagar tal importe de golpe impide a execución doutras moitas alternativas públicas que poden ter un nivel análogo de preferencia.

A segunda consiste en endebedarse. A Administración acode ao crédito para trasladar a cada xeración unha parte do custo total, xerando un reparto do custo máis equitativo. A cambio, deberá asumir o custo financeiro dese préstamo, a chamada carga da débeda que tantas crises financeiras lles ocasionou aos países incapaces de facer fronte a ese pagamento. Vímonos obrigados a repensar a viabilidade de establecer límites ao endebedamento, xa que os gobernantes que se benefician dos préstamos non adoitan ser os mesmos que teñen que pagalos. Estableceuse un límite intocable para que ninguén quixese vivir á conta dos que veñen detrás. Maastricht supuxo a materialización deste pensamento.

A fórmula da concesión foi creada pola Unión Europea como o Grial do financiamento público. Poderemos construír infraestrutura pública sen endebedarnos. Como a Administración non é o propietario dela, non consolidan gasto, é dicir, non computan no déficit público, porque o que pagamos non é un edificio. Pagamos os servizos non sanitarios que unha empresa nos presta nun edificio que usamos para prestar servizos sanitarios. A empresa privada benefíciase, porque facilita a externalización de moitos traballos que lentamente imos asumindo, que poden funcionar sen ter que ser prestados obrigatoriamente por empregados públicos. O xestor público respira porque a curto prazo dispón de máis recursos sen mentar, nin tocar, a bicha, a fatal débeda pública que custodia e vixía Montoro. É todo tan perfecto? Tratándose de economía, non pode selo. Haberá que seguir outro día.



# O peto común

Rubén Aramburu

A comezos de febreiro, que veu frío de máis, deixounos o pintor Anxo Lamas, monxe cósmico da Chaira. Celebramos o enterro e ou fermosura! Xentes de tantos lugares que acudiron, xentes sinxelas, agradecidas pola súa xenerosidade... Cantas casas da Chaira agocharán unha táboa pintada por Anxo? Fixo miles delas e agasallou milleiros.

Apoucado, visitámolo no Nadal e, por vez primeira, vímoloo vencido. Loitou contra cinco cancos, contaba como pirata vitorioso trala volta dun mar de bravos temporais. "Acabouse amigos, levade os reis, que se cadra non estou o ano que vén!" Sabía que chegaba a hora, mais con serenidade e valentía! Que tipo tan grande! Sen discursos, sen ego, sen cobiza, que todo daba, pois nada tiña de seu.

Agora é Pascua e leo na noitiña que os seguidores de Xesús distínguense cando se enfrontan á morte, para eles non é unha derrota, pois xa morreron na batalla do ego. E teño para min que en Anxo non foi derrota, senón vitoria. Non buscaba gabanzas nin recensións gloriosas, vivía no silencio, coidando do amigo Antonio, e non tiña máis preocupación. Era un místico con carraxe, auténtico na austeridade, libre ante os cartos e os poderes.

Teño un retablo na casa, con táboas de Anxo Lamas: o Xesús crucificado, a nosa Señora e un san Francisco, ou san Bieito, ou san Bernaldo, que vale para todos... Quizais sexa S. Juan de la Cruz dicindo aquilo: Estando a miña casa sosegada.




Teño tamén un breviario escrito por Anxo: "Tebras". E leo:

Eu son amigo teu, xesta florida,  
e teu tamén, toxo picudo.  
Amigo son, da auga e do fogo,  
da bolboreta con cores chispeantes,  
do ratiño do campo, bulideiro.  
Coma vosoutros estou feito de terra,  
feito de po, de lama, de follas secas;  
e, coma vós, cando me chegue o día,  
vaidoso serei de volver a ela.

BOA E GRAN PASCUA, AMIGO ANXO LAMAS!!!

## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# Actualidade As persoas trans e a lei

Lucía Santiago Díaz



## Conversa con Miguel Vieito Villa especialista en dereito sanitario

*Hai uns meses que se presentou unha proposta de modificación da actual regulación que permite o cambio de sexo e nome no Rexistro a persoas trans. A modificación da lei non foi finalmente votada no Congreso, sendo obxecto de varias prórrogas e dunha emenda do Partido Popular. Neste contexto, falamos con Miguel Vieito Villar, xurista e colaborador con diferentes asociacións de persoas trans, como por exemplo "ARELAS – Asociación de familias de menores Trans"<sup>1</sup>, para que nos conte un pouco mais de que vai o tema.*

### **Miguel, ponnos en contexto, en que consiste esta modificación de lei?**

Esta nova regulación consistirá na posibilidade de mudar o nome e o sexo rexistral para xs<sup>2</sup> menores de idade de xeito moitísimo mais sinxelo que o actual. Supón a fin, para expedientes rexistrais, da peregrinaxe de médico en médico buscando os informes que a Lei esixe hoxe, a eliminación do requisito da diagnose de "disforia de xénero", así coma un sufrimento moitísimo menor para o rapaz e a súa familia.

sociedade. Un éxito por suposto, e alégrome un montón, pero sen esquecer que segue sen se despatoloxizar a transexualidade pois séguese considerando unha enfermidade en determinados ámbitos (entre eles o máis importante: o médico).

O proxecto que se presenta é moi mellorable, sobre todo tecnicamente, pois contén erros e imprecisións.

### **Por exemplo?**

Pois ten incoherencias, na medida en que non se aborda a modificación

## Non deben asociarse ideas negativas ao colectivo trans só por ser diverso e non encaixar no "canon"

Por colocar un exemplo, na actualmente na asociación Arelas traballamos con solicitudes que roldan as 20 follas para este tipo de expedientes, e a mesma cuestión podería solventarse no futuro con 2-3 follas.

Ollo, esta Lei funciona só no eido rexistral. Por exemplo, no ámbito médico non cambia nada, seguen facendo falla os informes, etc.

### **Que cousas positivas e negativas destacas desta nova lei?**

Pois, é un pasiño mais nesta andaina que temos que percorrer todas como

coordinada doutros corpos normativos que era necesario retocar. Tamén utiliza técnicas legislativas que non son correctas e están en desuso, en concreto co emprego do termo "incapacitados" (artigo 1.3), no canto da fórmula "persoa coa capacidade modificada xudicialmente". Con respecto á cuestión dos estranxeiros resulta moi confusa. Por un lado (artigo 1) están excluídos da reforma. Por outro (artigo 8) pasan a estar incluídos, pero só se teñen solicitado o cambio de nome no seu país de orixe e/ou non puideron facelo por estaren alí

1 - Enderezo web da asociación <http://asociacionarelas.org/>

2 - No colectivo adoitase usar a fórmula "xs" nos artigos, e tamén no xénero dos substantivos.



perseguidos ou en risco. Non queda en absoluto claro se haberá que acreditar esta persecución dalgún modo. En todo caso están excluídas as persoas migrantes sen permiso de residencia.

A regulación tamén é confusa con respecto aos menores e persoas coa súa capacidade modificada. Neste senso, se ben o artigo 1.2 permite a solicitude autónoma por parte dos maiores de 16 anos, os apartados seguintes limitan a solicitude autónoma a maiores de idade. En calquera caso, parece non permitirse a solici-

esta norma parece non chegar nunca, e opino que esta modificación peregue ofrecer algo ao colectivo mentres tanto.

No meu parecer, precísase unha norma integral que aborde todas as arestas e puntos conflictivos e non só o dos menores (que, dende logo, é da maior importancia). Neste senso, son certas Comunidades Autónomas, como re-

soa e da súa realidade diversa coma se fose algo negativo. Tampouco se debe falar de “nenos que queren ser nenas”, ou viceversa, pois non é un asunto de “metamorfose” ou “mutación”, senón que unha rapaza trans, máis alá da súa xenitalidade, é unha rapaza dende o seu nacemento (a identidade está bastante máis arriba na nosa anatomía). Ante todo debe considerarse e transmitirse que existe

## todos nós, persoas individuais, somos estupendos motores de cambio



tude, a través do Ministerio Fiscal, a persoas con capacidade modificada (o cal non parece ter xustificación algunha).

Sen embargo, alégrome. E se tivera que escoller entre levar adiante esta modificación ou non, diría que adiante. Pero o nivel de esixencia aos Partidos Políticos e ás Cortes Xerais penso que ten que ser moito máis alto.

### Por que se fai isto agora?

Na miña opinión persoal trátase dunha cuestión política. Tense debatido moito, e séguese a facer, sobre a necesidade de aprobación dunha Lei integral que aborde a cuestión dos dereitos do colectivo trans. O caso é que

centemente Andalucía, as que están a tomar a dianteira ao Estado Central en materia de Dereitos LGTBI en xeral, e do colectivo trans en específico.

### Que non se debe dicir para non “meter a pata” cando falas deste tema pero non tes moita idea?

Pois en definitiva penso que é unha cuestión de respecto e formación. Non pasa nada por non saber, pero tampouco custa nada informarse e/ou preguntar. Cómpre evitar as palabras “disforia” ou “enfermidade” pois máis alá de que en certos círculos médicos segue a figurar esa nomenclatura, non debe falarse dunha per-

a diversidade de identidades, e como calquera diversidade, é unha riqueza para a sociedade no seu conxunto.

### Cal é a mensaxe que che gustaría transmitir aquí?

Normalidade por unha banda. As persoas trans e as persoas CIS (simplemente aquelas que non son trans) temos dereito a recibir o mesmo trato e ter os mesmos dereitos. Non deben asociarse ideas ou sentimentos negativos ou despectivos ao colectivo trans só por ser diverso e non encaixar en canons inxustos e máis que anticuados.

Por outra, gustaríame transmitir certo grao de crítica social: que dereito cremos que temos para nos inmiscuir na vida privada e íntima das persoas e xulgalas por iso? Por que nos erguemos en supremacistas CIS e colocamos etiquetas ao diferente para excluílo?

Por último, quero transmitir a idea de que todos nós, persoas individuais, somos estupendos motores de cambio. Todos podemos comezar a autoexaminarnos, detectar os nosos prexuízos e traballar por eliminalos. Trátase, en definitiva, de practicar habitualmente a empatía como ferramenta social.

## Cando as mulleres paramos... Si, o mundo para!

*As mobilizacións feministas do pasado marzo sorprenderon a toda a sociedade e marcaron un antes e un despois na historia da loita pola igualdade. En termos relativos, Galicia foi un dos territorios onde a mobilización foi máis intensa.*



As Tamborilás da batukada feminista na manifestación de Vigo

### 1 - Manifestación nacional o 4M en Vigo

Convocadas pola *Asemblea Galegas 8M* (que inclúe arredor de 30 asociacións, colectivos, plataformas e entidades feministas, así como mulleres a título individual), máis de 15000 persoas fomos tras a pancarta *Para transformar a vida das mulleres*, que abría a manifestación en Vigo, acompañadas polas ben organizadas Tamborilás da Batukada Feminista. Desde o cruce de Vía Norte ata a praza do Berbés, ao longo de tres horas, a cidade acolleu o latexo do feminismo galego.

### 2 - A manifestación e a folga do 8M

O xoves 8 de marzo viviuse un día histórico no noso país. A *Asemblea Galegas 8M* chamaba á folga en catro espazos: o dos coidados, o estudiantil, o do traballo e o do consumo. O dos coidados porque as tarefas de coidado das mulleres permiten que a roda do sistema produtivo continúe a funcionar. As mulleres galegas asumen tarefas de funcións sociais de coidados que o poder e o goberno aforran.

O do consumo porque o mercado en alianza co patriarcado intenta que as mulleres sexamos as principais consumidoras de produtos elaborados, ademais, en condicións de espolio e explotación nos países empobrecidos. E produtos de primeira necesidade para nós (compresas, tampóns...) teñen a “taxa rosa”, o IVE dos produtos de luxo.

O do traballo porque os traballos “feminizados” son sempre os peor

bo concentracións pola mañá e pola tarde en máis de corenta vilas e cidades: Ourense (máis de 15.000), Lugo, Vigo (máis de 45.000 asistentes), Coruña (máis de 33.000), Ferrol, Marín, Compostela (máis de 14.000), Monforte, Vilalba, Cangas, Pontevedra, Ponteareas, Ribeira, Chantada, Allariz, Viveiro, Ribadeo, Burela, Verín, O Barco, Redondela, Cee, A Illa de Arousa, Carral, Miño, Baiona-Nigrán, Carballo, Muros, O

## É un momento histórico no que nos estamos decatando da nosa forza

pagados e os máis precarios, as mulleres soportamos un maior índice de paro, a fenda salarial en Galiza é do 23%.

O estudiantil porque o sistema educativo imperante reproduce as lóxicas patriarcais do poder e as súas violencias, no canto de favorecer unha educación pública de calidade, igualitaria e non sexista.

O paro convocado foi seguido por dúcias de miles de mulleres e hou-

Porriño, Ames, Lalín, Noia, Moaña, Vilagarcía...

Este 8 de marzo é xa un fito histórico que quedará na memoria colectiva deste país. As mulleres galegas tecendo lazos de sororidade e solidariedade coas mulleres de todo o mundo.

Esta folga, convocada a nivel mundial polas organizacións e plataformas feministas dos respectivos países, foi secundada con paros e

manifestacións multitudinarias en máis de 170 países. O 8 de marzo foi un rotundo éxito!

### 3 - Activistas feministas galegas no Parlamento europeo

Entre o catro e o oito de marzo a voz de feministas galegas tamén se fixo escoitar no Parlamento Europeo. Por iniciativa da eurodeputada Lidia Senra, vinte e cinco representantes galegas participamos, en Bruxelas, no Foro “Feminismo sen fronteiras” organizado polo Grupo Parlamentario Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL). Alí partillamos e debatemos con feministas chegadas de Polonia, Alemaña, Ucraína, Grecia, España, Italia, Gran Bretaña, Ecuador e Perú sobre o empoderamento das mulleres no rural, a loita contra as causas e consecuencias da prostitución, ser muller nova na época da violación e do porno e o movemento internacional feminista MeToo.

### 4 - Se as mulleres paramos, o mundo para

Todo isto, non cabe dúbida, é froito do traballo perseverante, continuo e animoso das organizacións feministas ao longo de moitos anos. Porque desde o feminismo non queremos parchear a realidade, queremos cambiala. Para que nacer muller non signifique máis traballo e menos salario, para que ser muller non leve aparelado a vivencia de violencia en todos os eidos da vida (incluído o relixioso), para que medrar muller non obrigue a pensarse como menos.

Si, demostramos que, se as mulleres paramos, o mundo para.

O movemento polo paro internacional de mulleres ten os seus antecedentes no ano 1975, cando en Islandia se realizou unha folga que foi secundada polo 90% das mulleres e que parou o país. E foi levedando ao longo de 2016 coa loita das mulleres polacas contra a criminalización do

aborto (o proxecto de lei penaliza o aborto incluso espontáneo) e as marchas e mobilizacións masivas das organizacións feministas arxentinas como resposta aos feminicidios (7 en 1 semana).

Os medios de comunicación europeos e americanos fixéronse eco da folga feminista no estado español, unha folga histórica e sen precedentes secundada por 5.300.000 mulleres.

Realmente é un momento histórico no que estamos decatándonos da

Non queremos parchear a realidade,  
queremos cambiala

nosa forza que significa forza para construír xustiza e dignidade para mulleres e homes, para todos os pobos da terra. Estamos sendo quen de sermos as protagonistas da historia de noso.

### 5 - E na Igrexa, as mulleres que?

As mulleres na Igrexa temos pendente esa nova conciencia e práctica

colectiva. Temos pendente experimentar que se nós paramos, a Igrexa para. Necesitamos descubri-lo nosoutras, para que eles o poidan aprender tamén. E así medrarmos xunt@s nunha Igrexa verdadeiramente igualitaria que nos poida recoñecer de verdade ás mulleres no papel que nos corresponde.

### 6 - Urgencia feminista

As mulleres, as feministas, estamos organizadas e estamos convencidas de que hai que facer cambios concretos, cambios estruturais, e tanto o

pensamento como o activismo feminista son a panca desde onde iniciar o movemento.

Fronte ás discriminacións e inxustizas da dereita máis reaccionaria neste contexto atroz neoliberal que estamos a vivir, o feminismo é o freo necesario e urxente.



A autora do artigo entre as asistentes ao Foro “Feminismo sen fronteiras” celebrado en Bruxelas



Búscanse  
familias de  
acollida e  
voluntarios

Acompañamento  
a nenos e nenas  
de África ou  
América Latina  
que veñen coas  
súas mamás a  
seren operados  
na Coruña  
(Tempo de  
estadía media, de  
2 a 3 meses)



**Se estás interesado, conecta  
con Jesús Medín,**

**Coordinador de Infancia  
Solidaria Galicia**

**Móbil: 667 596 675**

**Correo electrónico: medin.  
social@gmail.com**

# Pingas de orballo O CEGO DE ALDIXE, OU DE MONDOÑEDO, OU DOS MUIÑOS

Baldomero Iglesias Dobarrio [Mero]

O señor Eladio Fernández Rodríguez era natural de Aldixe, parroquia que está entre Vilalba e Abadín, na provincia de Lugo. Era de alí e foi, probablemente, o último personaxe singular e representativo da tradición musical dos cegos nos límites da Terra Chá, pois o señor Eladio percorría vilas e parroquias de todo o contorno. Era moi coñecido en Vilalba, en Gontán, Abadín, Mondoñedo, Lourenzá, Guitiriz, Betanzos, Rábade e outras vilas das provincias de Lugo, e mesmo da Coruña, ou de Lugo capital e nas festas patronais do San Froilán.

Faleceu aos setenta e catro anos de idade na Coruña, enterrouse en San Amaro, o día de Reis do 2000, despois dunha longa enfermidade. A penas houbo conciencia do feito, poucas persoas o souberon e menos aínda os medios de comunicación, que destas cousas non quixeron saber.

Na Coruña viviu vendendo o cupón da Once e casado en segundas nupcias coa tamén viúva dun amigo del, que tamén fora cego, Eugenio Suárez, amante da música e coñecedor das artes de curar enfermidades e de evitar as dores físicas da veciñanza. A segunda esposa, xa que logo, que se chama Dona Encarna Varela González, foi tamén a miña informante e

quen me contou que D. Eladio ultimamente só tocaba o violín e cantaba se a xente gardaba a compostura e escoitaba. Gustaba divertir a xente e compracer coa palabra en historias e aconteceres. Eu cantei con el nunha festa en Olas, Mesía, e graveille cancións que alí tocou. Ata que os eflu-

## Gustaba divertir a xente e compracer coa palabra en historias e aconteceres

vios do alcohol empezaron a romper o silencio debido, entón propúxome que tocase a percusión e el tocaría a gaita, para que así a ninguén lle importasen as voces ou berros e, aínda menos, a nós.

Pero o mellor era cando tocaba o violín e cantaba. Iso requiría atención

e gusto, mesmo unha certa sensibilidade para apreciar letras e melodías conxuntamente. Poñíase a tocar un sen fin de pezas coñecidas para entrar en ambiente. Algunhas só instrumentais. Despois ía entrando nas máis selectas, para que os presentes se fosen animando, e provocaba en todos as gañas de aguzar os sentidos e compartir letras, sobre todo cando eran pícaras. Gustáballe ver bailar, e os ollos atentos, mesmo cantar canda el, participando seriamente de calquera xeito de goce conxunto. Cantaba parrafeos, historias, a peza dos Cesteiros do Cadramón, pasodobres, rumbas, etc. Ás veces mesmo interpretaba cancións de moda e das que tiñan a gala tocar as orquestras polas festas nocturnas, aínda que fosen alleas. Tanto botaba a alborada de Veiga como o pasodobre Lugo-Ferrol, o Gato Montés e outras moi variadas e estimadas –sobre todo– pola xente maior, que sabía darlle traza na danza.



Foto do Sr. Eladio, cando era novo

# Pingas de orballo

## O CEGO DE ALDIXE, OU DE MONDOÑEDO, OU DOS MUIÑOS

Na última recolla que lle eu fixen, cando eran as festas do San Antonio en Olas (Mesía), quixo agasallarme cunha peza preciosa, á que lle teño especial cariño: A Mazurca do Cadramón. Peza xeitosa onde as haxa e chea de enxeño e beleza musical da súa propia creación, creo lembrar, e que aló no ano de 1996 gravoume para que non se perdesa, con moita sorte e antes de que enfermase. Aquela tarde, despois de comer cumpridamente e de falar ao xeito, eu pedílle que tocara fundamentalmente pezas do país, das nosas e así o fixo ata que os que connosco estaban comezaron a elevar o ton e a interrom-

### O señor Eladio representaba fielmente os seus antecesores, xograres de tan digno oficio

per, foi cando pediu que lle tocara o tamboril ou a pandeireta, e acabamos os dous con pezas de gaita diluídos no medio do folión.

Del hai tamén recollas anteriores, dos anos setenta e moitos. Coas súas pe-

zas, ao lembrar, queremos facer honra aos homes e mulleres que gardaron este xénero musical dos cegos, herdo dos trobeiros medievais, que tanta gloria nos deron. O Señor Eladio representaba fielmente os seus antecesores, xograres de tan digno oficio, aquel que hai que ter moi en conta para gañar o futuro que agardamos e, mentres, como proba agradecida, queremos reciban a nosa homenaxe e sexan coñecidos por facernos depositarios da súa confianza, que garda tanto anaco de Cultura Musical Galega, desa que el soubo atesourar entrañablemente toda a nosa vida.

### IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíalo ó Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escribenos a [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es) ou [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

NOME: ..... APELIDOS: .....  
 ENDEREZO: .....  
 CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....  
 TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 €   
**QUERO SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 30 €   
 De apoio: 45 €  Subscrición anual (22 números)  
**QUERO SER 60x100:** 60 €

**DOMICILIACIÓN**  
 BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....  
 DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....  
 CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....  
 Nº de CONTA: \_ \_ \_ \_ / \_ \_ \_ \_ / \_ \_ \_ \_ / \_ \_ \_ \_  
 Sírvasse atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 201\_\_\_.  
 Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.  
 Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

IRIMIA



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA Dende setembro de 1981 **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)  
 Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182 **IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas **DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

# Boa Nova



## DOMINGO 8 de abril. II de Pascua A PALABRA Xn 20, 19-31

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles: «Paz convosco.» Dito isto, mostroulles as mans e mais o costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: «Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.» E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: «Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.» Mais Tomé, un dos doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dicíanlle entón os outros discípulos: «Vimos o Señor.» Mais el contestoulles: «Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.» Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo: «Paz convosco.» Despois díxolle a Tomé: «Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.» Tomé respondeulle: «Meu Señor e meu Deus!» Xesús díxolle: «Tes fe porque me viches? Benia os que creron sen veren!»

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.

## Benia os/as que creron sen veren!

O encontro e o recoñecemento de Xesús resucitado foi un camiño que os discípulos e discípulas do Mestre foron facendo, sen dúbida con atrancos, pero tamén con fondas vivencias. Neses primeiros momentos o desexo de crer e de manter vivo o recordo do mestre, mesturábase coa implacable realidade que só falaba de fracaso e desesperanza. Esta experiencia é a que evidencia o relato de hoxe.

O Evanxeo de Xoán, ademais, fala a unha comunidade que xa non coñeceu a Xesús e que ha de crer polos testemuños de quen o coñeceu. Estas mulleres e homes da segunda xeración estanse a enfrontar a novos desafíos que poñen a proba a súa fe. No texto de hoxe, entre outros, aparecen dous desafíos: o medo a seren perseguidos pola súa fe en Cristo e a espiritualización excesiva da persoa de Xesús.

A narración informa de que os/as discípulos/as están pechados/as por medo aos xudeus (Xn 20, 19). Isto que fora unha realidade na primeira comunidade segue a pasarlles os destinatarios/as do evanxeo, pois son expulsados da sinagoga e perseguidos. Ademais, tamén son ridiculizados polos pagáns que ven irracional a súa fe na resurrección.

Esta situación fai que a comunidade se peche cara adentro e viva unha fe centrada nun Xesús idealizado e glorioso, esquecendo a realidade da cruz. Por iso a insistencia no relato de presentar ante a comunidade o Mestre resucitado mantendo no seu corpo as marcas da crucifixión. Deste xeito son bendicidos os e as que cren sen ver, pois eles e elas ven máis aló das evidencias e mais acá dos fracasos.

Carme Soto

O importante das crenzas non son as crenzas en si, senón o que eu fago con esas crenzas. Se eu creo que Xesús é o meu exemplo a seguir, actuarei en consecuencia. El achegábase á xente, aos enfermos, aos excluídos, ás mulleres, aos nenos. Hoxe teríamos que facer o mesmo adaptándoo aos nosos tempos. Por todo isto participamos estes días en varias manifestacións: uns iriades á das mulleres, outros á dos pensionistas, moitos ás dúas, algúns non poderían ir a ningunha, e a min tocoume ir a outra, máis pequena: a de apoio aos rapaces da *Insurgencia*. Non vos soa? A *Insurgencia* é un colectivo musical que pretende fomentar o internacionalismo, difundir e expandir a cultura revolucionaria e elevar o nivel de conciencia das masas traballadoras, ou falando entre nós, son un grupo de rapaces novos que rapean e din as cousas que agora mesmo non se poden dicir porque acabas na Audiencia Nacional coma eles. E por cantar caéronlles dous anos e un día de cadea, nove anos de inhabilitación e 4.800 € de multa, á espera da resolución do recurso.

Que faría Xesús?

Olga Álvarez

# Falando da lingua A escachar coa risa!

Lidia e Valentina



Contounos hai uns días unha amiga que está encantada na súa oficina de traballo: moitos dos seus compañeiros son bilingües, pero como ela é galegofalante, eles falan galego con ela e, pouco a pouco, agora falan galego todos entre todos. Cando entra

alguén da rúa que ten como lingua de seu o galego, aínda que a que utiliza normalmente para relacionarse co mundo é o castelán, ao oílos a eles falar en galego, tamén se bota a falar en galego. Alí seica traballan a reo e teñen un ambiente estupendo, seica son a envexa de todo o edificio! E teñen unha trécola curiosa: gústalles moito recuperar palabras de antano.

E tamén recuperan ditos. Hai unha compañeira de Ourense que lle gaña a todos! Hai que parrandeira é! “Bos días! –dicialle o gato ás morcillas, e despois comíaaas!!!” Así entrou pola porta estoutro día a Xoana! E botan unha risas e, veña!, a traballar!

Agora están con “restreba” e “restrebeiro”. Buscan contextos e máis contextos onde a poden aplicar, tanto que os que non a coñecían xa a a utilizan como se a tivesen de seu, e xa a compartiron na casa, e xa llela presentaron aos fillos, nenos de cidade que nunca centeo viron diante... Sabedes o que é a restreba? A restreba son eses talos do trigo, do centeo, de calquera cereal, que quedan presos á

terra despois da sega, e tamén se lle chama así á terra onde quedan estes cotos secos. Pos seica na casa dunha delas utilizan o termo, por extensión, para referirse a algo que xa é vello, que xa é restrebeiro! E contou un compañeiro que cando el era pequeno e na súa casa tiñan gando, tiñan unha vaca, a Morita!, que restrebaba, é dicir, que paría todos os anos! Era como lles dicía a súa avoa aos tratantes que lles viñan pola porta cando ordenaron de a vender... Así e todo, el ben se acordaba de que nalgunha ocasión aquela vaquiña se dera de perda, que na casa houbera desgusto, porque cando a vaca paría, era unha fartura... *Darse de perda!* Onde el quedara!

E logo túa avoa era *unha barriga á eira...!!!* –díxolle a Xoana.

Que dis, ho, que desta volta si que non te entendo... –dixo Miguel.

Ai, ho, unha *bota por ela!!!*

Canto rin e canto traballan! Habemos volver con eles...

## O Fachineiro do teatro

### Elisa e Marcela

Este fachineiro é moi escufinado no tocante ao pan, e non lle vale calquera sucedáneo precocido, ás veces a centos de quilómetros no punto de venda. Gusta, en troques, do que amasan na Panadaría, unha compañía de teatro integrada por tres rapazas que acaba de ser merecidamente recoñecida nos premios María Casares. A obra, *Elisa e Marcela*, leva por título o nome das dúas mestras coruñesas que no ano 1901 formalizaron, pola igrexa, o primeiro matrimonio entre persoas do mesmo sexo do que se ten noticia por estas terras. Para que esta increíble historia de amor chegase ata ese punto, Marcela tivo que facerse pasar por Mario, tomando o



nome dun curmán seu morto, e así foi como o cura as casou vai facer agora 117 anos. A vida non lles foi doada e tiveron que loitar contra a oposición familiar, a dos veciños e, finalmente, foron excomulgadas e declaradas en busca e captura. Tiveron que fuxir da garda civil, primeiro a Portugal e despois disque a Arxentina. Con este material as tres actrices fan, sen máis medios ca as luces unha tea e os seus corpos, unha delicada recreación que mete a audiencia nun carrusel emocional de drama e humor e reivindicación feminista. Parece que Isabel Coixet vai rodar un filme sobre o matrimonio. Dubido que supere a versión teatral.

A.Q.